

**A: PRESIDENTE DO CONSELLO REGULADOR DAS IXPS DE VACÚN DE GALICIA
D. JESUS GONZÁLEZ VÁZQUEZ**

Estimado presidente:

Tras o requerimento que fai aos membros do CCRR de propostas de cambio para o próximo período envío as propostas de UUAA. Desde o noso punto de vista o primeiro que hai que debater no seo do Consello son as propostas que emanan do PLAN ESTRATÉXICO.

A maiores, en cada sector adxuntamos outras propostas que nos parecen interesantes, e son as que seguen:

1.- PRODUCCIÓN

A- REORDENACIÓN DO SECTOR PRODUTOR PARA OBTENIR UNIDADES VIABLES E EFICIENTES ECONOMICAMENTE

- Promover a continuidade das granxas (banco de Explotacións, colaboración coas escolas de formación agraria...)
- Aumentar o tamaño medio das explotacións (mobilización da superficie dispoñible e facilitar a renovación e ampliación da cabana)
- Mellorar a profesionalización do sector produtor (priorizar as axudas dos plan de melloras).
- Impulsar a dixitalización e o uso de novas tecnoloxías
- Incrementar o asociacionismo e a cooperación entre operadores (producción e industria)
- Mellorar a diferenciación de TGS/TG tanto na produción como na comercialización

B- CONSEGUIR UN SECTOR CÁRNICO SOSTIBLE E EFICIENTE NA PRODUCCIÓN DE CARNE DE CALIDADE

- Aumentar a produción de insumos para lograr unha maior sostibilidade e resiliencia das explotacións.
- Desenvolver actuacións para redución do impacto medioambiental

C- PROPOSTAS Á MARXE DO PLAN ESTRATÉXICO

- Regular o acabado de Ternera Gallega Suprema
- Revisión das categorías comerciais en Ternera Gallega, en número, idades de sacrificio...
- Desenvolver criterios para a clasificación das explotacións da IXP segundo o manexo.
- Desde o CR controlar a calidade nutritiva dos pensos.
- Introducir novos parámetros ambientais para poder certificarlos, de xeito que se poida facer una certificación en "sostenibilidade medioambiental" e/ou "sostenibilidade socioeconómica"
- Fomentar o desenvolvemento do vacún maior.
- Afianzar as IXPs entre as explotacións de carne.
- Formación en novas tecnoloxías para mellorar a profesionalización.
- Análise de custos de produción e as súas variacións entre os distintos modelos produtivos e de manexo.
- Potenciar a relación de carácter técnico do CR coas explotacións.

- Desenvolvemento dun programa de formación sectorial: aspectos produtivos, aspectos de xestión, aspectos sanitarios...

2.- INDUSTRIA

A-AUMENTAR O NIVEL TRANSFORMACIÓN E A DIVERSIFICACIÓN PARA ACADAR INCREMENTOS DAS MARXES COMERCIAIS

- Incentivar a transformación e elaboración de produtos cárnicos de gama alta en base a produto certificado coas IXPs e aproveitando o recoñecemento do nome e do logotipo.
- Favorecer e impulsar o I+D+I na industria cárnica (maior implicación CTC/CR/industrias).
- Incrementar o peso das IXPs na transformación industrial.
- Permitir o despece fora de Galicia.
- Permitir a conxelación da carne certificada (baixo as condicións que se determinen).

B-PROPOSTAS Á MARXE DO PLAN ESTRATÉXICO

- Definir un faenado tipo das canais.
- Introducir nos Pregos de Condicións das IXPs o peso das canais como parámetro de control por parte do CR
- Intensificar o control sobre o uso dos termos vaca galega, rubia galega, carne galega,..., en albaráns, facturas, etc.
- Posta en marcha da etiquetaxe conxunta TG - Craega e desenvolvemento dunha liña específica de promoción de TGS ecolóxica.

3.- MERCADO

A-REGULACIÓN DA PRODUCCIÓN

- Adaptar a produción á demanda do mercado (planificar a produción, homoxeneizar a calidade da carne dentro dos sistemas produtivos existentes).

B-MELLORAR O POSICIONAMENTO E IMPLANTACIÓN DA CARNE DE VACÚN GALEGA

- Actualizar a imaxe da IXP Ternera Gallega (actualización do logotipo e do etiquetado, renovación da mensaxe de comunicación ...)
- Fomentar e apoiar a creación de marcas comerciais.
- Impulsar a comercialización en mercados alleos a Galicia.
- Mellorar o posicionamento do produto e incrementar a presenza na carnicería tradicional, en particular TGS e a IXP Vaca Galega - Boi Galego.
- Elaboración e desenvolvemento dun programa plurianual de promoción das IXPs.

C-CONSEGUIR UNHA CADEA DE VALOR EQUILIBRADA E TRANSPARENTE

- Fomentar a transparencia e coñecemento dos custos de produción
- Crear unha plataforma de intercambio de datos (custos e marxes) ao longo da cadea

D-SENSIBILIZAR Á SOCIEDADE DA IMPORTANCIA DO SECTOR CÁRNICO COMO XESTOR DO TERRITORIO

-Comunicar á sociedade as peculiaridades da carne de vacún galega poñendo en valor o traballo de mantemento do rural, de fixación de poboación e de obtención de carne de calidade que realiza.

E-PROPOSTAS Á MARXE DO PLAN ESTRATÉXICO

- Desenvolver un Plan de control específico para o fraude coa IXP VG-BG, dirixido principalmente ás comerciais intermediarias e á restauración.
- Diseñar unha extratexia promocional e de comercialización para a IXP VG – BG.
- Establecer unha liña de colaboración para a presenza das IXPs na oferta gastronómica da restauración galega e estatal.
- Deseño e desenvolvemento dunha estratexia promocional para o consumidor máis xoven.
- Crear / potenciar a figura dos Embaixadores de TG.